

segundo **ADRAL**

Xosé Filgueira Valverde



Edici3s do Castro / ensaio

116. CASTELAO, O HUMANISMO

Cando falamos do humanismo de Castelao non encaramos somentes esa faceta intelectual do cultivo de espírito que se avigora co achegamento ás mellores creacións e que sabe vibrar diante elas e as corresponde, senón que nos referimos ao home enteiro que foi, e que mostrou, en cada un dos seus logros, que a súa personalidade era superior, aínda a eles, sendo tan xurdios.

En poucos artistas será máis trabaloso de arredar a vida da obra, o pensamento dos feitos. Foi un artista integral. Por exemplo, nas «cousas» temos, man a man, o pintor e o literato, a par do ideólogo, do ético sementador de inquedanzas... Un pintor que o mesmo engaiolaba nas «estampas» as liñas e as coores da paisaxe e a fasquía dos seres, que refrexaba, nuns poucos trazos, rasgos, xestos, ademáns... a sinificar estados de ánimo das xentes e de humanizadísimos animalións de Deus. Un escritor que o mesmo traballaba un poema en prosa que a «gnómica» do humor, condensando normas, escarños ou historias no cadriño dunha ilustración, dunha «caricatura» de prensa. E que sabía tramar unha narrativa novelesca, e dialogar un cadro dramático. Foi o noso mellor crítico de arte e un devanceiro na erudición estética. Fixo sorrir, e chorar, e profundar...

O «populismo» é unha das liñas humanísticas de Castelao. Maniféstase tanto no ensexo de recoller os anceios, as angueiras e o xorne das xentes e na percura de un alicerce comunitario pra os seus adoutriñamentos, como, na sabencia de endereitar a súa

voz cara os galegos, todos os galegos, dende o máis espetado mestre e o acomodado burgués ao máis probe e homildoso dos lectores. Don ben respondido, porque ninguén chegou a arrecadar e manter, como él, unha total «popularidade».